

PARLAMENTO DE ESCRITORAS-ES 2019

MEMORIA FINAL (ALGUNHAS CONCLUSIÓNS)

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organizou o Parlamento de Escritoras-es os 15 e 16 de marzo de 2019, en Pontevedra, co apoio do Concello de Pontevedra e CEDRO.

Con esta actividade reflexionouse nun momento de especial gravidade no relativo á vulneración na Galiza e no Estado español de dereitos culturais, sociais, políticos, etc., sobre a vinculación entre a escrita literaria e a defensa dos dereitos civís e identitarios, da xustiza social e da liberdade de expresión nas súas máis diversas formas.

Recollemos unha síntese dos contidos debatidos en cada mesa que fique como documento marco das conclusións desta actividade.

Mesa redonda ***Liberdades civís e dereitos nacionais.***

Cabe preguntarse sobre as razóns que levan a que, ante a limitación de dereitos e liberdades, as persoas non se mobilizan, que ocorre co contexto e cal é o papel de escritoras e escritores. Neste sentido, constatouse que:

- A perda da comunidade, o triunfo do neoliberalismo e a súa idea de individuo sen vínculo, propicia esta situación global, o que implica a perda de soberanía nacional e persoal.
- O neoliberalismo é unha nova racionalidade política, unha nova subxectividade, que succinou a soberanía dos pobos.
- Contra esta precariedade de liberdades, destacou a urxencia do pensar e o compromiso como antídoto.

As liberdades recoñecidas son valores abstractos que, cando comezan a concretarse ou se ubican nun lugar ou tempo determinado, diminúen e relativízanse, perdendo o seu valor. O poder executivo pode actuar policialmente ignorando as liberdades declaradas nas leis, e o poder xudicial pode interpretalas *ad hoc*. As limitacións danse en varios sentidos:

- As linguas. No estado está recoñecida a súa cooficialidade, mais non é un dereito nin obriga.
- A ideoloxía. Calquera ideoloxía pode defenderse, mais non materializarse, salvo a do poder dominante.
- Os dereitos. A lei é teoricamente igual, mais hai un tratamento diferenciado cando a liberdade de expresión está relacionada coa cuestión

nacional. O Código Penal está condicionado polo código postal (segundo a xeografía onde se produza un feito).

- A insubmisión e a disidencia política. A palabra terrorismo é un talismán para todos os gobernos do mundo á hora de reprimir a disidencia. É unha palabra clixé que serve para todo cando debería limitarse a actos de terror violentos. Existe unha hipocrisía occidental en delitos como a apoloxía do terrorismo (moitas veces simplemente a expresión dunha ideoloxía diverxente á dominante), pola que moitas persoas e entidades foron perseguidas.

- Delitos de ofensa, difamación ou blasfemia (delicto relixioso). Esta última está recollida no Código Penal español, a pesar de ser un estado teoricamente aconfesional.

- Como consecuencia da falta de liberdades, prodúcese a censura e autocensura (a forma máis sutil, perigosa e duradeira de censura). Fronte a isto, propónse que o mellor antídoto consiste en actuar como se non existise a censura, a opresión nin a minoración de dereitos dunha lingua respecto á oficial. A cesión na liberdade de expresión é un retroceso individual e colectivo.

Reflexionouse sobre o caso de Òmnium Cultural, que conta con 160.000 asociadas-os que autofinancian a entidade, valorándose de xeito moi importante que sexa unha entidade que busque consensos arredor dos dereitos nacionais de Cataluña, sendo un exemplo da necesidade de autoorganización das pobos para conseguir os fins de defensa do propio.

Mesa redonda ***Violencia institucional, violencia estrutural na sociedade.***

Interpeladas sobre este título, as participantes na mesa achegaron un discurso que sintetizamos nas seguintes conclusións:

A lingua é o principal elemento diferencial a erradicar na cultura dun pobo por parte de quen está a practicar o monolingüismo histórico dunha violencia que xa vén sendo histórica no estado español. Actuar contra a lingua é actuar de raíz contra o pobo.

A neoviolencia está a se estender a todas as formas de expresión da identidade. A mentira é unha das formas de violencia contemporánea máis acusada e os medios de comunicación teñen unha alta responsabilidade nela.

Atacar a solidariedade entre os pobos é abrir portas ao odio.

A violencia é unha presión determinante que exerce quen ten poder. Asistimos a unha actualización das formas de violencia por parte do Estado que fai concluír que esta violencia é institucional e está institucionalizada.

Grupo de traballo ***Feminismos. Identidades.***

Constatouse que neste momento histórico estamos nunha encrucillada, en que, valorando a importancia dos avances acadados cómpre profundizar en que é feminismo

e evitar a súa conversión en ben de consumo, a súa banalización, que sería a estratexia actual do sistema patriarcal.

En Galiza contamos historicamente cunha escrita feminista consolidada.

Cómpre ter en conta o papel da tradución na configuración da escrita feminista.

A escrita feminista é imprescindible en tanto que a educación das persoas non só corresponde ao espazo familiar e educativo, senón a todos os espazos. Así tamén ao espazo do ocio e dos sonhos en que a literatura cumpre un papel esencial.

Na reconstrución do espazo identitario de xénero os escritores teñen un papel moi importante que non consiste en colocarse no lugar das mulleres, senón en construír unha nova masculinidade que refugue a violencia, a agresividade e a non expresión das emocións.

Grupo de traballo ***Desposesión da terra e da identidade. As migracións de hoxe. A emigración galega do século XXI.***

Das intervencións partilladas nesta mesa, sintetizamos as seguintes conclusións:

- Importancia ao valor da identidade —asociado coa lingua— por parte dos colectivos de galegas e galegos que levan moito tempo fóra de Galiza.
- Recoñecemento por parte da Xunta como problemas estruturais de Galiza a emigración endémica e a desestruturación do territorio —en especial o rural—.
- Implementación polo goberno galego dun plan para fomentar o retorno de emigrantes —Estratexia Retorna 2020—: posta en práctica dunha potente campaña millonaria, cun discurso sentimentalizado, de imaxe. Con isto faise un recoñecemento implícito do fracaso absoluto das políticas exercidas en Galiza, durante décadas, pola administración.
- Cuestionamento, a través da literatura, dos modelos establecidos.
- Existencia dunha xeración —moza— que padece anacronismo: falla de posibilidades de levar a cabo na terra propia un proxecto laboral, familiar e vital.
- Visión moi crítica nas artes: no cinema, en fitas; na literatura —homes de máis de corenta anos escriben sobre a diáspora clásica, mulleres de menos de corenta escriben sobre a nova diáspora galega.
- Falla de visibilidade nos medios do precariado transmigrante: só se ofrece a cara A —a face amábel da emigración—; ocúltase a cara B —a de quen atopa fóra a mesma precariedade que obrigou a emigrar. Ao tempo, faise necesario escoitar os contradiscursos de quen protagoniza esta nova diáspora.
- Difuminación dos trazos identitarios, provocada intencionadamente pola globalización: cidades homoxéneas, centros comerciais semellantes, medios uniformadores. Recursos ao servizo do mercado multinacional globalizador —ao que lle molesta a diversidade, lingüística ou cultural—: gobernos, universidades, redes sociais...
- Colapso territorial de Galiza —espolio económico, financeiro, exterminio do campesiñado e dos mariñeiros, expatriación forzosa...—. Desposesión do espazo —agrario, modos de vida—: desposesión da identidade.
- Necesidade de creación de espazos de rebelión, como poden ser os palcos do teatro.

- Mulleres e natureza unidas na dominación e na liberación —exemplificábel no ecofeminismo—.
- Creación de alternativas críticas.
- Identidade: construción flexíbel e libre en simbiose co contorno e a tradición (dereito que nos asiste a vivirmos no noso territorio).
- Xurdimento de novas experiencias froito de identidades híbridas do precariado transmigrante, traducíbeis no futuro en consecuencias no eido cultural e político.
- Necesidade de desenmascarar a distorsión da realidade exercida desde a linguaxe: “desaceleración transitoria” no canto de “miseria duradeira”; “contaminación” no canto de “envenenamento, de terras, augas” creando “terras mortas”; “desprazados” no canto de “expulsións”, provocada pola economía global”.

Grupo de traballo ***Lingua e patrimonio cultural. Papel do/a creador/a na sociedade actual e exercicio de dereitos nacionais***

Esta mesa partiu do recoñecemento das carencias iniciais para logo actuar propositivamente achegando propostas de actuación e intervención:

- Carencias:
 - Non existe un sistema literario galego suficientemente normalizado.
 - Son evidentes as consecuencias negativas do efecto desgaleguizador do ensino.
 - Temos unha lingua que non se usa nos momentos clave da vida: esquelas, testamentos, etc.
 - Alertar sobre a existencia dunha cultura institucional encuberta tras unha falsa liberdade que, en realidade, desactiva unha cultura rica e viva.
 - Graves carencias, especialmente nos ámbitos de poder, dos usos profesionais da lingua, como pode ser o caso da xustiza.
 - Alarmante descenso de falantes. Entre as razóns, a escasa atención que se lle presta á lingua oral como sistema de transmisión de cultura e coñecemento.
- Propostas
 - Sinerxía entre lingua e literatura, con usos confluíntes.
 - A lingua e a literatura deben sustentarse un profundo compromiso ético.
 - Combater con todas as capacidades de comunicación as agresións á lingua, tanto individuais como colectivas.
 - Combater a alienación e o negacionismo respecto do uso real da lingua con argumentos construtivos, positivos.
 - Desde a práctica literaria, promover unha pragmática da lingua oral e escrita.
 - Reivindicar a aplicación das normas, desde a Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, ou a Carta Europea das Linguas Minoritarias, e toda a demais normativa que recoñece dereitos que non se aplican sistematicamente.
 - Esixir a creación, dentro da lexislación galega, dun Estatuto da Lingua Oral que a considere, *per se*, Patrimonio Cultural Inmaterial a protexer, divulgar e fomentar o seu uso.
 - Un pobo que non usa a súa lingua é un pobo sen liberdade.
 - Galiza ten que identificarse pola lingua, epicentro da nosa identidade.

A Lingua e a Soberanía son dereitos humanos básicos, irrenunciábeis por seren a esencia e mellor salvagarda da nosa identidade.

En relación á lingua, as prohibicións do seu uso, a súa non oferta, os recortes en todas as políticas normalizadoras e a estratexia negacionista da dominación do español, cando na maioría dos sectores o que se comproba é a agresión contra a lingua galega e a imposición do castelán, fan constatar que existiría, de feito, unha estratexia que podería levar á desaparición da nosa lingua, sendo este un golpe determinante á nosa identidade.

Algunhas das causas están, no esencial, na desaparición *de facto* da cultura popular tradicional, nunha conxuntura económica que expulsa a mozos/as formados aquí (curioso paradoxo co sucedido nos séculos precedentes) para seren precarizados/as fóra e a complicidade interesada, económica e ideoloxicamente, dos medios de comunicación públicos e privados, incluída a grande industria cultural estatal e transnacional.

Isto ten como consecuencia que, na vida cotiá, o galego oral e o escrito, vai camiño de selo só en contextos cerimoniais.

É obrigado un chamamento á sociedade para a reflexión sobre esta situación de emerxencia da lingua co obxectivo de tomar conciencia do problema; ou esiximos o cumprimento estrito das leis sobre os dereitos lingüísticos e participamos activamente no uso normal na sociedade ou axiña o galego será, na práctica, unha lingua morta.

Grupo de traballo *Cultura, medios de comunicación e poderes. A literatura e a creación/expresión literaria como ferramenta construtora dunha sociedade libre.*

Nesta mesa conclúese que un factor determinante no panorama actual é a preponderancia de grandes produtoras de carácter transnacional que copan os espazos dun entretemento "mainstream" e os medios de "difusión". Ambos os dous están suxeitos a poderes económicos e a políticas dominantes que crean ideoloxía e propaganda e ocultan a diversidade real, a cultura profunda e o xornalismo cultural verdadeiro. Nese senso, contribúen a construír unha sociedade que non é, desde o noso punto de vista, a "desexable".

Esa é tamén a situación da edición, que sofre a nivel mundial os efectos da homoxeneización dos imaxinarios culturais. A iso súmanse circunstancias que condicionan e cambian o achegamento á lectura, como a intermediación propiciada, por exemplo redes sociais; a hibridación dos soportes ou a concentración da comercialización dos textos en monopolios poderosos.

En canto ao caso particular de Galicia, cómpre resaltar que se está inviabilizando a posibilidade de que haxa unha industria cultural galega por circunstancias relacionadas cunha lingua e unha cultura minorizadas, así como por unha falta de apoios reais á cultura ou un desinterese dos poderes maioritarios polo propio.

Finalmente, anotáronse algunhas saídas a esta situación, na mesa, relacionadas coa reivindicación de políticas públicas de lectura efectivas, que cumpran o dereito da cidadanía de acceder a diversas linguas e aprendizaxes; dentro da escrita apelouse á necesidade de liberdade creativa e para os medios de comunicación solicitouse unha defensa da biodiversidade e do rigor informativo e cultural non tendencioso. Ademais, aludiuse á necesidade de vertebrar a sociedade para que as proclamas deses e outros

dereitos sexan efectivas ante os poderes e expresouse a necesidade de reclamar a promoción e comercialización da cultura e a lingua galegas no mundo.

Dentro das conclusións emanadas dos debates do Parlamento de Escritoras-es, faise mención expresa a respecto da actualidade, que afecta a:

- O sobresemento definitivo da causa contra os 19 de Meirás.
- A liberdade do/as presos/as políticos/as actualmente existentes no estado español, así como o retorno sen cargos das persoas exiliadas fóra do mesmo.
- A derogación da Lei “Mordaza”.